

# SERGIO MAREY

**ARTISTA MULTIDISCIPLINAR E  
ACTIVISTA**

*“A Coruña foi ese primeiro fogar onde  
aprendín a desenvolverme soe na vida  
adulta”.*

*“Impórtame moito todo o que ten que  
ver coa identidade, xa sexa cultural,  
de pobo ou de xénero”.*



Concello da Coruña

Nazo en Rois, unha pequena aldea da Parroquia de Cirio, no concello de Pol. Trátase dun concello da montaña lucense, pertencente á comarca das Terras de Burón e límite coa Terra Chá. Son fille de hostaleiros e nete de labregos. Crieime entre o bar e a casa da miña avoa. Pese a que vivía en Lugo, cando non estaba na escola estaba en Rois, porén considérome unha persoa rural.

Cando falo de formación sempre digo que o meu inicio formativo (fóra da educación obrigatoria) foi a música tradicional. Comezo aulas de canto e pandeireta aos 14 anos conectando dende entón coa cultura galega e, converténdose esta, nunha obsesión que plasmo en todos os meus estudos. Unha vez rematados os estudos obrigatorios decido formarme en Deseño de Moda, cun posterior Posgrao en Deseño e Confección de Bolsos. Durante estes estudos realizo obradoiros en cestería, confección de tecidos, creación de instrumentos... sendo así a artesanía algo central na miña formación, algo que xa arrastraba de cando era unha crianza e miña tía, para entreterme na casa de miña avoa, ensinábame manualidades.

A Coruña foi sempre unha cidade presente na miña vida. De crianza ía visitar a miña tía, tiña un bar ao pé do Corte Inglés e iso facía que sempre que íamos me mercaran xoguetes incríbeis alí. Cando medrei A Coruña converteuse na cidade onde residín durante 5 anos. Primeiro para realizar os meus estudos superiores en


Deseño de Moda, logo á miña volta de Madrid, foi onde traballei no estudo da deseñadora María Barros.

A Coruña foi ese primeiro fogar onde aprendín a desenvolverme soe na vida adulta. Foi testemuña do meu crecemento e mudanza da mocidade á adultez. A Coruña sempre foi para min a representación do urbanismo máis urbano, en todos os sentidos. A ela debo agradecerlle que me fixera darme conta o importante que era miña procedencia para min, as miñas raíces, o meu ruralismo.

Proveño dunha familia labrega e hostaleira que me deu un continuo contacto co rural galego. Esa proximidade guía a miña actual relación coa arte baixo unha visión política e social con Galiza. Esta posición ante a Arte levoume a unha comprensión diferente das artes, variadas e populares, que se encontran ameazadas por causa do descoñecemento, a apropiación e o maltrato continuo.

Quero facer pensar e recapacitar sobre os diversos aspectos que tocan a nosa sociedade amosando, ao mesmo tempo, a riqueza cultural de Galiza. As miñas inquiredanzas xiran arredor dos diferentes aspectos da cultura galega (tradicións, lingua, saberes, artesanía...) mais tamén a como estes aspectos se relacionan coa sociedade. Impórtame moito todo o que ten que ver coa identidade, xa sexa cultural, de pobo ou de xénero.

Por exemplo, realicei un traballo de recollida na miña parroquia. Durante o mesmo falei coas señoras da importancia que tivo para min o rural na miña liberdade como persoa LGBT. Durante esas conversas unha delas dixo “aquí coidamos o que temos”. Esta frase comeza a dar voltas na miña cabeza. Comezo a repetir isto en conversas con amigos e todes coincidiamos no mesmo, no rural hai liberdade. Ao mesmo tempo desas conversas xurdían outros pensamentos como que a música tradicional era un espazo seguro para o colectivo. Para min estas dúas cavilacións tiñan moitas conexións e decido facer unha investigación para pensar sobre isto. Así xorde un libro que é unha escolma de reflexións propias feitas sobre estes temas tras un traballo de recollida na comarca de Bergantiños, mais tamén reflexións de persoas do colectivo relacionadas co rural e a música tradicional.



**Premio Auditorio de Galicia para Artistas Noveis 2023, 1º premio Sergio Marey.**

***Cruceiro a Santa Librada e demais mártires disidentes***

Peza feita en barro de Buño, madeira, metal, corda, ladrillo e ceras de cores. Obra que afonda na violencia ascendente experimentada nos últimos anos polo colectivo LGBTIQ+ e que se erixe como monumento de memoria ás vítimas.